

**LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES PRESENTADAS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS 2024/2025 PARA ESTUDANTES CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS ASOCIADAS Á DISCAPACIDADE**

Reunida a Comisión de Avaliación nomeada dentro da Convocatoria de bolsas 2024/2025 para estudantes con necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade, publicada no Taboleiro de anuncios da UDC o 14/04/2025, acorda publicar a relación de **solicitudes admitidas e excluídas**.

Solicitudes admitidas:

NIF	Data de entrada
***4486**	28/04/2025
***7366**	01/05/2025
***8399**	02/05/2025

Solicitudes excluídas:

NIF	Data de entrada	Causa de exclusión
***3311**	04/05/2025	(1), (2), (3), (4), (5), (6), (7)
***6209**	02/05/2025	(4)

Causas de exclusión: non achega:

1. Anexo I cuberto e asinado
2. Copia do impreso de pagamento de taxas de matrícula do curso académico 2024/25.
3. Copia do expediente académico coas cualificacións.
4. Xustificante de percibir as axudas da UDC para o estudantado en situacións de dificultades económicas e/ou xustificante de recibir unha bolsa do MEC ou calquera outra acreditación que xustifique a necesidade de axuda económica.
5. Declaración xurada de que non se solicitaron nin se percibiron outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, para a mesma finalidade.
6. Declaración xurada breve en que se expliquen as dificultades que presenta a persoa solicitante para desenvolver a súa actividade académica e se indique a finalidade da bolsa.
7. Certificado orixinal do IBAN da conta bancaria da que é titular a persoa solicitante.

Segundo o artigo 12 da convocatoria, a xustificación das bolsas deberá realizarse **ata o 19 de xullo de 2025**, mediante o anexo II e coas facturas correspondentes aos gastos admitidos. Estes deberán axustarse exclusivamente aos conceptos previstos na convocatoria: compra de material ou equipamento de apoio, axuda para o desprazamento, asistencia persoal para tarefas académicas e servizos profesionais relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe.

Así mesmo, resulta importante ter presente o disposto no artigo 1 da convocatoria, onde se indica que a **finalidade destas bolsas** é apoiar o estudantado con necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade, de maneira que poidan cubrir os gastos que lles dificultan o estudo —como barreiras de comunicación, materiais de traballo, entre outros— e que lles supoñen



importantes obstáculos para desenvolver e aproveitar a súa actividade académica. Por tanto, esta convocatoria está orientada a cubrir especificamente este tipo de necesidades vinculadas ao estudo e ao aproveitamento académico, polo que os gastos que se xustifiquen deberán estar en consonancia coa finalidade establecida nas bases. Os gastos que non se axusten a esta finalidade **poderán ser excluídos** no proceso de revisión da xustificación.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Asinado dixitalmente

Cristina López Villar

A presidenta da Comisión de Avaliación